



**ASISTENTES C.I.**

**C.I.G.**

M<sup>a</sup> Jesús Losada Rodríguez  
Carlos Mollinedo Lois  
Antón García Fernández  
Rodrigo Alberte Pivida  
Federico Fernández Fernández  
Cándido Pérez Betanzos

**CC.OO.**

Victoria Alonso Crespo  
Aser Fernández Rey  
Manuel Velasco Graña  
J. Rodríguez de la Concepción

**U.G.T.**

Juanjo Fernández Pérez  
Arturo Casar Sarasola  
J. Andrés Zapairain (DS)\*

**DELEGAN VOTO**

**AUSENTES C.I.**

Carmen Serra (vacacións)

**ASISTENTES CC.EE.**

\*DS- Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación o día 13 de xaneiro de 2005, ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:30 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Asemblea xeral PAS laboral
5. Conflicto Colectivo.
6. Acordo xerencia xunta de persoal PAS funcionario
7. Negociación e proposta novo Convenio Colectivo
8. Apertura nocturna biblioteca de Torrecedeira.
9. Representantes CI prazas pendentes de convocatoria. Prazas pendentes de oposición.
10. Outros asuntos: solicitude entrevista TE de xardinería, solicitude cambio de quenda Xosé L. Ríos..
11. Rogos e preguntas.

A reunión volve a ser presidida por Cándido Pérez, tras a súa reincorporación. Antes de comezar da conta de que non hai votos delegados e da asistencia á reunión dun novo membro do CE de Pontevedra, José Rodríguez de la Concepción, que entrou no citado órgano tras a baixa de Luis Olivares que, a súa vez, pasa a ser o segundo delegado sindical de CC OO.

**1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**

A acta da reunión correspondente ao 9 de novembro que foi enviada con anterioridade a tódolos membros do CI, apróbase por unanimidade tras aceptar o Pleno algunhas correccións.

**2. Informe do Presidente.**

- Contratación temporal, prórrogas e mobilidade:
  - o Traslado provisional da TEB Begoña Méndez Abelleira á Biblioteca do Campus de Pontevedra a ocupar unha vacante existente en dito Campus.
  - o Traslado provisional do ATSX Francisco Javier Fernández a Facultade de Ciencias de Vigo que ocupará a praza de Federico Fernández.
  - o Traslado provisional a quenda de mañá da TEB Cristina Vila Pumares que ocupará a praza de Manuel Velasco.
  - o Traslado provisional da ATSX Dolores Allegue a ETSE industriais e Minas que ocupará a praza que por xubilación deixa Juan Manuel Rodríguez.
  - o Traslado provisional do ATSX Arturo Martínez Iglesias á EUETI a ocupar a praza de Benigno Gavilanes.
  - o Desempeño provisional das funcións de Auxiliar administrativo de Benigno Gavilanes que substitúe a unha funcionaria do servizo de RR HH.



- Envío por parte do xerente, para a súa negociación, da convocatoria de TE de Capataz Forestal.
- Solicitud de M<sup>a</sup> Manuela Boullosa, TE de Medios Audiovisuais da Facultade de Ciencias Sociais, para que se lle defina a súa xornada en quenda de tarde ao alegar que non se cumpriu o acordado no artigo 38-a do I<sup>o</sup> Convenio.
- Instrucción da Xerencia relativa ao horario de Nadal.
- Convocatoria de Axudas do Fondo Social 2004.
- Informes xurídicos realizados polos profesores Xaime Cabeza e Pedro Rabanal e pola Asesoría Xurídica da Uvigo, tras a petición feita polo CI relativa a petición de ampliación da idade de xubilación realizada polo traballador Andrés Mayor.
- Contestación do Servizo de Persoal a petición de Andrés Mayor Mariño.
- Correo electrónico enviado ao intercentros por RR HH comunicando a publicación no BOE das convocatorias de TS de Teledetección e TSSX de Investigación.
- Solicitud de actividades formativas por parte da EGAP. Xestións feitas por membros do CI.
- Escrito do persoal que desenvolve as súas funcións no Edificio Míralles queixándose do estado no que se atopan as instalacións.
- RR pola que se dispón o pagamento da paga compensatoria. Envío ao CI da proposta de reparto do paga de produtividade do PAS-F.
- RR pola que se convocan probas para contratar 3 técnicos de I+D. Designación de membro do CI para a Comisión de Avaliación.
- Escrito do TE de xardinería e zonas verdes solicitando unha entrevista co CI. (Trátase no punto 10 da orde do día)
- Escrito de J. Luis Ríos no que solicita un cambio de quenda por asuntos familiares (Trátase no punto 10 da orde do día)
- Correos electrónicos enviados ao CI polo TS de Teledetección en relación con unha mensaxe enviada a lista de avisos.
- Correo electrónico enviado ao CI por “Mamer” sobre os días de asuntos propios e da contestación de Manuel Velasco.
- Correo electrónico enviado por David Díaz sobre a renovación dun contrato na Área de Calidade.
- Dilixencia do TSXG de ordenación de firmeza enviada a traballadores da Uvigo en relación o Recurso nº 392/2- MCR a instancias de José Andrés Zapirain. Chamadas de traballares/as ao Secretario amosando a súa preocupación.
- Escrito do secretario solicitando que se lle dea contestación a unha petición realizada no mes de maio relativa a unha petición de material.
- Nomeamento do 2<sup>o</sup> delegado por parte de CC OO. Cese de Luis Olivares do CE de Pontevedra e alta de Soros.
- Da execución dos acordos da reunión do 9 de novembro e outros escritos:
  - o Escrito enviado ao xefe de servizo de RR HH sobre a suxestión de modificación da convocatoria de TEAD.
  - o Escrito sobre deficiencias no Edificio Míralles.



- o Escrito solicitando a convocatoria do concurso de traslados.
- o Escrito solicitando información sobre o persoal que traballa no SETEI e non está incluído na RPT.
- o Escrito solicitando unha entrevista co xerente para tratar distintos asuntos.
- o Escrito sobre a realización de sábados polo persoal de conserxería e a realización de masters.
- o Escrito comunicando o crédito horario de 40 horas.
- o Escrito sobre o Programa Labora e as necesidades estruturais.
- o Escrito solicitando o reparto lineal da paga compensatoria.
- o Escrito en apoio dos TE de xardinería e zonas verdes.

A relación dos temas dos que se daba conta no informe repartiuse antes da reunión e algún/has dos/as presentes pediron máis datos sobre os seguintes asuntos:

- Escrito remitido por Manuela Boullosa. A traballadora, que ten xornada partida, solicita que se lle aclare cal é o seu horario de tarde xa que no Convenio queda pendente de negociación.
- Informes xurídicos. Dáse información sobre a contestación que o Servizo de Persoal deu a o traballador solicitante.
- Correo electrónico de David Díaz. O traballador interésase pola prórroga dun contrato realizado na Área de Calidade.
- Dilixencia do TSXG. Representantes de CC OO e CIG solicitan o delegado sindical de UGT que retire o recurso que ten presentado contra a Universidade e que afecta aos/ás traballadores/as que participaron no 2001 nas transformacións de categoría. O delegado de UGT alega que o pleito é contra á Universidade non contra os/as traballadores/as.
- Dáse lectura ao escrito que se lle enviou ao xerente solicitando datos sobre o persoal que no SETEI está por enriba da RPT.
- Posteriormente deuse lectura tamén ao escrito enviado á xerencia sobre a participación do CI no proceso de selección do persoal do Programa Labora.

### **3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.**

#### **Comisión de emprego 17 de decembro 2004.**

A reunión asistiron só Carmen Serra e J. Andrés Zapirain e foi breve e exclusivamente informativa.

#### **Selección do Persoal para o Programa Labora.**

Aser Fernández, informa das incidencias que se produciron na selección do persoal para o programa Participa do vicerreitorado de Extensión Universitaria. Por dúas veces solicitouse ampliación de currículos e ao final as prazas quedaron desertas. Tamén informa que presentou un voto particular ao chegar á Comisión a documentación aberta. Ao fío deste incidente, Manuel Velasco comenta que o único requisito que se lle pode pedir a un traballador do Programa Labora é que teña a titulación esixida, calquera outro mérito contradí o obxectivo do Programa que é formar aos mozos e mozas que non teñen experiencia no eido do traballo nunha determinada actividade para que logo poidan entrar no mercado laboral. Victoria Alonso, apuntou que na Selección Feita para Normalización



Lingüística o seu responsable recoñeceu que acudía ao Programa Labora ao non poder contar con persoal estrutural. Antón García sinala que, moitas veces, os currículos que se envían están incompletos e non teñen que ver co que se pide.

#### **Intercambio de vacacións.**

Carlos Mollinedo comenta distintas cuestións que teñen relación con este tema e sobre os documentos que previamente enviou a tódolos membros do CI e especialmente a normativa do intercambio. Así mesmo informa que este ano a Universidade que coordina o intercambio é a de Vigo e que terán que presidir a próxima reunión a celebrar en Zaragoza. Ao non dar tempo a ler a documentación enviada acórdase levar este asunto a seguinte reunión do CI.

#### **Comité de Prevención. Reunión 14 de decembro de 2004.**

Os membros do CI neste órgano dan conta que nesta reunión aprobouse o regulamente e se chegou a un acordo sobre a designación do presidente e do secretario. Ao presidente o nomea o reitor de entre os representantes da empresa e dos traballadores correspondéndolle a secretaría a parte contraria sendo necesario o acordo dos  $\frac{3}{4}$  dos seus membros e ten que contar co Vº e Prace do xerente.

#### **Plano de Pensións.**

Cándido Pérez sobre as novidades na xestión do Plano de Pensións comunica o seguinte: "Producíronse cambios lexislativos relativos á composición das comisións de control dos planos de pensións, a partir de agora as comisións deberán ser paritarias, e dicir, igual número de membros en representación dos partícipes que da empresa como promotora do plan. No caso da UVIGO, a composición actual é de dez membros dos que seis o son en representación dos partícipes e catro da empresa, e a renovación dos electos ten que producirse xa. Esta pode facerse por designación dos órganos de representación do persoal ou mediante a votación de candidaturas que terían que ser avaladas polos sindicatos ou unha porcentaxe dos partícipes. Pola súa complexidade, resultaría máis sinxelo que foran propostas polos órganos de representación do persoal, e dicir, Comité Intercentros, Xunta de PAS funcionario e Xunta de PDI, con igual representación para cada un dos órganos. Tendo en conta que hai que modificalo regulamento para adaptalo ás modificacións normativas, os órganos de representación poderíamos facer unha proposta conxunta, para o que me comprometo a trasladarlllo ás Xunta de PAS funcionario e Xunta de PDI".

#### **Comisión de Formación.**

Aser Fernández, comunica que parte da información recollida nas enquisas está procesada. O número de traballadores/as que contestaron o cuestionario foi de 33 sendo a maioría de conserxería (16 persoas) e de biblioteca (13 persoas).

Antón García subliña que é necesario convocar a Comisión e pedir un resumo do realizado, no eido da formación, o ano pasado. O Pleno acepta as propostas.

#### **4. Asemblea Xeral do PAS.**

Tal e como xa foi anunciado a última semana do mes de xaneiro o CI convocará asembleas informativas nos tres campus. Entre os membros do



CI establécese unha discusión sobre a oportunidade ou non de convocar estes actos. As asembleas terán un carácter informativo e se propón preparalas previamente. A hora e día de celebración serán os seguintes:

- |                 |            |             |                   |
|-----------------|------------|-------------|-------------------|
| - 25 de xaneiro | Ourense    | 14-16 horas | Edificio de Ferro |
| - 26 de xaneiro | Pontevedra | 14-16 horas | F. C. Sociais.    |
| - 27 de xaneiro | Vigo       | 12:00 horas | F. C. Económicas  |

## **5. Conflicto Colectivo**

O presidente da conta do resultado da senteza relativa ao Conflicto Colectivo interposto polo CI sobre o dereito ao cobro de trienios por parte do persoal contratado. O Secretario informa que o anuncio de publicación e a sentenza mesma está na web do CI tal e como se informou a través de correo electrónico ás listas de pas e comunidade.

Federico, critica a actitude da UGT neste proceso pois foi a asesoría xurídica deste sindicato o que se encargou da defensa. Sinala que unha vez producida a conciliación o recurso estivo parado durante meses ao entender que lle correspondía á administración presentar de oficio o recurso perante o xulgado do social. No Pleno celebrado o 21 de outubro preguntouse polo estado da demanda pois parecía que algo non ía ben. Tras facer algunhas xestións o Secretario soubemos que o recurso non estaba presentado no xulgado do social que era onde se tiña que presentar. Federico, critica tamén que se nos convocara dúas veces para o mesmo ao presentarnos a primeira vez ante o xuíz sen avogado.

Andrés Zapirain, no nome da UGT, comenta que antes da súa baixa por IL lle manifestou a súa estrañeza ao secretario por non ter comunicación dos xulgados e sigue sostendo que a Inspección de Traballo, tras a frustrada conciliación, tería que ter presentada a demanda perante o Xulgado do Social. Non obstante, lembra que o Secretario chamou á Inspección de Traballo e o letrado conciliador, con quen falou, lle manifestou que esa interpretación era errónea e que nos correspondía a nós presentar dita demanda.<sup>1</sup>

## **6. Acordo Xerencia Xunta de Persoal PAS funcionario.**

Manuel Velasco intervéñ para lembrar aos presentes que este é o segundo acordo que o equipo reitoral asina cos representantes do PAS funcionario mostrando o seu abraio porque o primeiro destes acordos está practicamente, na súa totalidade, sen cumprir. Pide que é necesario que a empresa informe do custo destes acordos e considera que o sitio idóneo para facelo sería a Mesa de Retribucións. Sinala, así mesmo, que se o paradoxo de que aqueles que durante as eleccións do reitor e do claustro foron máis críticos co actual equipo de goberno parece que son os que máis lle están sacando e, por contra, os que apoiaron e apoian incondicionalmente ao reitor e ao seu proxecto, e teñen maioría no CI non son capaces de sacarlle beneficio a este apoio. Lembra, tamén que con este xerente o único que conseguimos foi baixarlle o salario aos TEI contratados dos servizos informáticos unha vez que aproben a oposición. Remata afirmando que é necesario que revisemos a nosa estratexia como Comité de cara a conseguir mellorar as condicións laborais do persoal que representamos.

---

<sup>1</sup> A aprobación desta acta quedou condicionada a presentación dun escrito por parte da UGT sobre este asunto que quedará anexo a este documento.



Cándido Pérez, afirma que a CIG é un sindicato de clase e plural no que se dan opinións distintas e que o seu apoio ao equipo foi como individuos que constituíron unha candidatura ao claustro. Pregúntase que pasaría se este reitor non ganase as eleccións e o fíxese o candidato que tiña un acordo asinado con representantes do PAS para conseguir obxectivos laborais. Considera tamén que a postura do CI é máis leal coa Institución e non obtén os beneficios que debera.

#### **7. Negociación e proposta novo Convenio Colectivo.**

Trátase este tema para intentar establecer un plan de traballo para elaborar a proposta do novo Convenio. CC OO informa que aínda que están intentando elaborar unha proposta de mínimos para as tres universidades galegas é preciso que cada sindicato defina a súa estratexia e propón comezar a negociación conxunta pola táboa retributiva. A CIG sinala que nunha próxima sección sindical tratarán este asunto.

#### **8. Apertura nocturna Biblioteca de Torrecedeira.**

O Presidente informa dun encontro casual co director da BUV no que lle comentou que se pensaba abrir a Biblioteca de Torrecedeira tódolos fines de semana comprendidos entre o 15 de xaneiro e o 15 de abril, de o 9:00 a 21:00 horas, con carácter experimental. Se a idea calla logo podería estenderse aos Campus de Pontevedra e Ourense. Este servizo estaría atendido por TEBs. O número de persoas que contratarían non está definido pois é un asunto se tratará na próxima Comisión de Emprego.

Carlos Mollinedo mostra o seu enfado porque este asunto non fora tratado previamente co CI e chegue agora practicamente cociñado, asemade, entende que para dar un servizo de calidade o persoal que o atenda ten que coñecer o oficio e a biblioteca polo que propón que sexa previamente formado.

Aser conta que falou cos usuarios (alumnos) da Biblioteca de Torrecedeira e lle comunicaron a súa intención de pechase ao considerar que os horarios existentes non se axustaban as necesidades reais. Si se vai a dar servizo completo, pide que a dotación sexa a axeitada tanto do persoal bibliotecario coma do persoal de conserxería.

Propónse facer un escrito á xerencia para mostrar o noso protesta por non contar co CI para resolver este asunto.

#### **9. Representantes do CI nas prazas pendentes de convocatoria. Prazas pendentes de oposición.**

Con respecto ao escrito de RR HH no que se nos pide que designemos unha persoa para o proceso selectivo de tres técnicos de proxectos de I+D, acordase falar con algún dos técnicos de I+D para indagar se queren asistir a esta comisión no nome do CI.

##### **T. E de Bioloxía**

Titulares: Sandra Rúa Santerbás  
Suplentes: Antón García Fernández

Victoria Alonso Crespo  
Marisa Magaz Ledo

##### **T. E. de Química**

Titulares: Sandra Rúa Santerbás  
Suplentes: Antón García Fernández

Aser Fernández Rey  
Manuel Velasco Graña

##### **T. E. de Actividades Deportivas**

Titulares: María Pino Díaz  
Suplentes: Filemón Rivas Conde

J. A. Zapirain Fernández  
Arturo Casar Sarasola

##### **A. T. de Actividades Deportivas**

Titulares: Rodrigo Alberte Pivida

Manuel Velasco Graña



Suplentes: Federico Fernández Fernández

Concepción García Lozano

**T.E. Capataz Forestal**

Titulares: Carlos Mollinedo Lois

Javier Fernández Martínez

Suplentes: Federico Fernández Fernández

Luis Olivares Requejo

Acordase tamén instar ao vicerreitor de extensión universitaria a que presente as propostas de temario para as probas de TS de actividades culturais e TM de actividades culturais.

**10. Outros asuntos: solicitude entrevista T. E. xardinería, solicitude cambio de quenda Xosé L. Ríos...**

- Solicitude de quenda feita polo TETIC Xosé Luis Ríos. Acordase facer un escrito ao xerente apoiando a petición.

- Entrevista T.E de xardinería. Acordase que unha comisión do CI se reúna con estes traballadores o antes posible.

**11. Rogos e Preguntas.**

- Antón García, con respecto a convocatoria do Fondo de Axuda Social pregunta como se interpreta unha adopción se entra no apartado de 0 a 3 anos ou non pois hai administracións que entenden que o tempo empeza a contar a partir da adopción. Tras distintas intervencións hai coincidencia en considerar que as adopcións deben de entrar no citado apartado.

- Manuel Velasco, recorda que hai dous compromisos que o CI ten sen cumprir: as peticións de roupa de traballo e a petición de entrevista do persoal de investigación acollido ao programa Parga Pondal.

- Federico Fernández, comenta que a lista de ATSX ampliouse de oficio e sinala que ven de solicitala ao servizo de RR. HH.

- J. Andrés Zapirain pregunta pola praza de TMTIC e a petición de traslado feita por un traballador da Universidade de León para ocupar este posto.



**Acordos:**

- Tratar na seguinte reunión ordinaria a proposta de normativa para o intercambio de vacacións.
- Acórdase día hora e lugar das asembleas informativas.
- Facer un escrito á Xerencia por non negociar co CI a apertura da Biblioteca de Torrecedeira os fines de semana comprendidos entre o 15 de xaneiro e o 15 de abril.
- Nomear os representantes do CI para distintos tribunais.
- Facer un escrito dirixido ao vicerreitor de extensión universitaria esixíndolle que elabore canto antes os temarios das prazas que son da súa competencia.
- Enviar un escrito á Xerencia apoiando a petición de cambio de quenda feita por José Luis Ríos Beis.
- Convocar aos TE de xardinería e zonas verdes a entrevista solicitada.

Fdo: Manuel Velasco Graña  
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos  
(Presidente)